

CAMPIONATO ESCOLAR DE CROS

Igual que o Curso pasado faremos dúas xornadas de Cros os días 27 e 28 de Novembro no Circuito de Aldea Nova en Ames

Os Centros teñen ata o 12 de Novembro para enviar as súas inscricións, e unha vez recibidas estas, comunicaremos os Colexios que corren en cada xornada. Os CPIS e os IES o farán o día 28 de Novembro, único día que haberá categoría CADETE.

O Campionato de cros de CENTROS DE ENSINO celebrárase no circuito de **Aldea Nova** en **Ames** (ubicación do circuito -> <https://maps.app.goo.gl/FSYTN9imZjmZHwxa8>), cos seguintes horarios e percorridos:

HORA	CATEGORÍA	NADOS NOS ANOS	CIRCUÍTO
11,00	Benxamín feminino	2018-2017	500 m (1 Volta P)
11,08	Benxamín masculino	2018 -2017	500 m (1 Volta P)
11,15	Alevín feminino	2016-2015	1.000 m (1 Volta G)
11,25	Alevín masculino	2016-2015	1.000 m (1 Volta G)
11,35	Infantil feminino	2014-2013	1.500 m (1 Volta P +1 Volta G)
11.50	Infantil masculino	2014-2013	1.500 m (1 Volta P +1 Volta G)
12,05	Cadete feminino	2012--2011	2.000 m (2 Voltas G)
12,20	Cadete masculino	2012-2011	2.000 m (2 Voltas G)

As inscricións pódense sacar do programa XOGADE EN EXCEL, ou no modelo que se adxunta, e enviaranse a: paalva53@edu.xunta.gal.

Todos os participantes teñen que estar inscritos, na dirección de internet, www.deporteescolargalego.org, programa XOGADE, deporte CROS.

Os Centros que necesiten transporte deberán solicitalo indicando o número de viaxeiros, antes do 15 de Novembro.

Deberanse traer imperdibles para suxeitar ben os dorsais dos participantes.

Os dorsais recolleranse na Secretaría ao chegar ao circuíto.

Estableceranse dúas clasificacións: individual, segundo o orde de chegada; e por equipos sumando os puntos obtidos polos 4 primeiros corredores, 3 no caso da categoría cadete, de cada CENTRO, resultando gañador a entidade que acade menos puntos.

Na categoría **Cadete**, para **O Campionato Provincial**, clasificaranse os 2 mellores equipos, e os 10 primeiros atletas clasificados individualmente que non pertencen aos estes equipos e entren na meta entre os 15 primeiros.

No resto das categorías clasificaranse para o provincial, en cada XORNADA, o 1º equipo e os 5 primeiros atletas que non pertencen ao equipo clasificado e entren na meta entre os 10 primeiros.

Para o Campionato provincial os equipos estarán formados por 6 atletas como máximo. Poderanse variar os corredores que van a formar parte dos equipos clasificados, con respecto aos que participaron nesta fase.

En cada xornada, haberá entrega de trofeos para os 3 primeiros Centros clasificados en cada categoría, así como medallas para os atletas que entren na meta nos 4 primeiros postos de cada carreira.

Toda a documentación referente a cobertura do seguro está dispoñible na paxina <http://xogade.xunta.gal> e <https://inscripcion-xogade:poliza>, protocolo de actuación, etc ...

Todos os aspectos non recollidos nestas normas, serán regulados pola organización do evento, en coordinación co Servizo Provincial de Deportes.

Santiago Outubro de 2.025